

# O PCPG E AS ELEIÇÕES XERAIS DESTE 20-N: ANTES E DESPOIS DO 20-N, LOITAR CONTRA A REACCIÓN. PARAR A OFENSIVA E A BARBARIE CAPITALISTA

Traballadores e traballadoras. Compañeiras e camaradas:

Tres anos despois do estourido da crise xeral do sistema capitalista, estas son as primeiras eleccións xerais ás que nos convocan.

Trátase dunha crise, a mais profunda que se ten dado nos últimos 80 anos, que está condenando a millóns de traballadores ás fileiras do paro, á miseria económica máis profunda, aquela de non saber se nun futuro teremos dereitos ou pensións de retiro, seguridade social, un teito ou mesmo un anaco de pan para comer. Unha crise pavorosa de natureza terminal que os comunistas xa vimos anunciando hai moitos anos, que se manifesta acompañada dunha terrible arremetida dos poderes económicos e dos seus aparellos de dominación contra os traballadores e traballadoras, contra os seus dereitos mínimos como persoa, contra os nosos dereitos colectivos e nacionais.

Ante este proceso electoral, dicimos:

**1º** Que neste duplo contexto marcado pola ofensiva reaccionaria do capital contra a clase obreira mundial e contra os povos, no que se agudizan os atropelos contra a inmensa maioría, unha cousa está moi clara: os xestores e valedores políticos do sistema (PP-PSOE e adláteres..) **non teñen nin van aplicar medidas encamiñados a solución real dos problemas** dos/as traballadores/as e do conxunto da sociedade con programas dictados pola troika (UE-BCE-FMI) nen defender o noso país (Galiza) desta voráxine brutal cunha xestión institucional submisiva e subordinada á legalidade do reino de España e da UE.

**2ª A convocatoria electoral** adiantada (e menos que ningunha anteriormente) **non vai servir para resolver ningún dos graves problemas** que temos plantexados. A aseveración anterior ten máis validez hoxe que nunca por canto a realidade arrepiante do fracaso do modelo capitalista a nivel universal mostranos como os procesos e institucións “democráticas” (que son correas de transmisión capitalista) non teñen ningún valor nen capacidade para intervir en temas que seica son da exclusiva potestade e imperio do que eles chaman eufemisticamente “os mercados.

No caso galego, a grande burguesía e a reacción esfreganse as mans, pois o goberno da “xuntiña” do PP, ao servizo disciplinado deses intereses, está a destruír a economía e os sectores tradicionais productivos. Recorta, “axusta” e privatiza máis e mellor que ninguén; ataca sen piedade a nosa identidade nacional e cultural, mesmo tratando de roubarnos a Lingua; destrúe o noso territorio que entrega ás empresas dos seus amigos e desfai o sistema de aforro autóctone pondo o seu exiguo control do sistema

financiero aínda máis nas mans de intereses alleos ao País.

**3ª Non é posible acreditar en fórmulas de suposta “saída da crise”** na irracionalidade do sistema no que estamos inmersos, nin tampouco no seu sistema electoral antidemocrático, inoperante e agónico, nin vai servir o colaboracionismo traidor e domesticado das forzas parlamentarias de “esquerdas” que basean o seu modus operandi no espectáculo parlamentarista-burgués de cuio cretinismo fan apoloxía, nin é posible ningunha “saída” ao permaneceren cautivos das súas políticas reformistas xa ocupadas polo espazo electoral da socialdemocracia da que son complementarios. Non podemos acreditar en proxectos e maquinarias que non teñen na súa axenda un programa de loita real e consecuente, fuxindo sempre da palabra ruptura co réxime (que hoxe máis necesaria que nunca).

Neste contexto, **a participación de organizacións españolas denominadas “comunistas” (con sigla “E” ben visíbel)** en algunhas circunscricións galegas, con listas plagadas de “paraquedistas” de distintas rexións do estado, confeccionadas desde fora da Nosa Terra é a expresión dun **desevergoñado e estéril, como patético oportunismo electoreiro** (afortunadamente grupuscular e residual) que alén de irrespetuoso co noso pobo e a Nosa Terra, trata torpemente de patrimonializar os valores revolucionarios e comunistas ao servizo obxectivo da lexitimación do sistema, da confusión entre o proletariado galego e do fraccionismo.

**4º Denunciamos o aparello da oligarquía e do imperialismo español que intenta apreixar á clase obreira, ás súas organizacións e ao conxunto do pobo coa domesticación e o colaboracionismo** e proclamamos non representativas e ilexítimas estas eleccións aínda máis reducidas nos seus mínimos democráticos, por canto a “reforma electoral” aprobada a principios deste ano pola maioría esmagadora das “Cortes” españolas esixe a consecución dun número de “avales” por circunscrición orientado a impedir a presenza das forzas da esquerda real, anticapitalista, soberanista e independentista que até este momento viñan concurrindo. Unha nova agresión que ten connotacións de ilegalidade e perversión intolerábel ao esixir datos persoais de todo tipo a milleiros de cidadáns e cidadás que poden ser utilizados (como xa ten acontecido en Euskadi) a modo de listas negras ao capricho dos aparellos do estado.

**5º Os comunistas galegos organizados no PCPG** hai case dúas décadas que apostamos por non concorrer en solitario nas distintas convocatorias electorais, aínda que

temos participado até o presente en candidaturas ou frentes unitarios con outras forzas amigas.

Lamentablemente a esquerda nacional política e social, soberanista, independentista e anticapitalista, coa que partillamos moitas loitas e proxectos conxuntos nos últimos anos **non temos avanzado e madurado aínda para estarmos á altura que nos permita contar ou mesmo albiscar, unha ampla fronte de Unidade Popular** e quizáis dunha candidatura unitaria a ela vinculada que, a pesares dos positivos pasos dados, dos bós desexos e xenerosas iniciativas que sen dúbida terán de se concretizar e de abrir paso en breve.

Nesta situación e diante dun panorama tan insatisfactorio e arrepiante como temos descrito, o **Partido Comunista do Povo Galego (PCPG)**, que é unha organización modesta e con poucos medios, decidiu non concorrer a este proceso electoral porque ademáis coidamos que hoxe, mais que nunca, **non son os votos senón as loitas o que poden abrirnos perspectivas de mudanza real** e emancipación.

Compañeiros traballadores e traballadoras galegos/as: Por enriba dos particulares encadramentos e simpatías partidarias eleitorais, chamamos a non acreditar nos apelos farisaicos dos que sempre apelan ao noso voto. **O noso papel non é precisamente "orientar o voto", mais nesta ocasión coidamos válidas todas as formas críticas e combativas de expresar a nosa protesta** e a participación en forma de "voto" rebelde: a abstención activa e o boicot, en branco e o "nulo" poden valer contra os intereses e a masedume que nos quere impor o sistema.

**Mais aló da opción concreta que cada quen decida facemos un apelo**, mesmo a aqueles comunistas e traballadores combativos que consideren que teñen que achegarse á mesa electoral a votar por "umha opción galega e de esquerdas", a acrescentar o compromiso diario na organización, a comprometerse na **UNIDADE E A LOITA MAIS DECIDIDA** para enfrontar o roubo e a explotación que supoñen os plans de agresión que todos teremos que enfrontar en breve. A loitar decididamente pola nosa Soberanía e Autodeterminación Nacional (que en chave

**Sen nós non hai nada!. VENCEREMOS NÓS.**

17 de Novembro de 2011

**“Para que nos devolvan o roubado!  
Para derrubar esta prisión!”**

---

**Partido Comunista do Povo Galego [PCPG]**

[www.pcdopg.blogspot.com](http://www.pcdopg.blogspot.com)

[pcdopg@gmail.com](mailto:pcdopg@gmail.com)

---

leninista é "única e exclusivamente o dereito de Independencia") e a combater polos dereitos sociais e liberdades cada vez máis agredidos e cuestionados.

**Os comunistas galegos e galegas non somos indiferentes aos riscos do momento presente** nin alleos ás perspectivas de rearme das forzas ultra-neoliberais e mesmo fascistas apoiadas nun posibel éxito electoral do PP ao servizo de propósitos de fortísimos e desaforados poderes económicos. Máis aquí non ten que haber confusión: A garantía do noso avance e ruptura con esta "negra sombra" está, insistimos máis unha vez, na unidade, organización e mobilización sustentadas na consciencia de clase e nacional do noso povo e das súas organizacións.

**OUTROS APELAN AO TEU VOTO, NÓS CHAMAMOS A LOITAR!**

Por que vai sendo hora tamén de reclamar o fin deste sistema opresor, primeiro responsábel de tantas calamidades e o da súa "clase política" soamente temos unha opción real e verdadeira como ten demostrado a historia: **loitar unidos, determinados e confiados**, erguer a nosa voz co puño ben alto e reclamar que **a crise do capital sexa paga polos seus responsábeis**, polos capitalistas que a provocaron, polos banqueiros que nos rouban; polo sistema, nunca pola clase obreira vítima sistemática de esa casta parasitaria. Temos que recuperar o espírito de antano, botarnos sen medo a rúa, para esixir os nosos dereitos, desenmascarar os verdadeiros culpábeis e calarlle a boca a todos aqueles que preconizan o fin da loita de clases e garantimos o pan para os nosos fillos e familias.

É hora camaradas e compañeiros de **exercermos o inmenso poder que temos se estamos unidos e organizados**, o poder que nos corresponde como produtores para superar esta irracional sociedade de clases; tomar se é preciso (que vai sendo hora) os medios de produción nas nosas mans; expropiar a riqueza que nos rouba de xeito cotiá o noso inimigo de clase e que a oligarquía burguesa saiba que ante a nosa unión non pode facer nada.

